

Con data 28 de novembro de 2022 foi formulada unha solicitude de dereito de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, na que [REDACTED] solicita o seguinte:

*(...) acceder a un ranking de antigüidade do persoal funcionario interino (PAS) que está traballando actualmente na Universidade de Vigo, sen que consten os datos persoais para respectar a súa privacidade.*

*Así mesmo, no caso de que a información solicitada se poida facer pública, tamén me gustaría saber se poderían constar as datas dos nomeamentos no caso do persoal que non estivese traballando de forma ininterrompida.*

Considerando os seguintes

## ANTECEDENTES

PRIMEIRO: O 28 de maio de 2022 foi formulada unha solicitude de dereito de acceso no que se pediu o seguinte: *Lista anonimizada en formato Excel do PAS funcionario interino do grupo C2 na actualidade na UVIGO cos seguintes datos: - idade, - sexo, - data do primeiro contrato como C2 - data do último contrato como C2 - tipo de contrato actual (vacante, acumulación de tarefas...).*

SEGUNDO: Por resolucións do 1 de decembro de 2022 foron convocados procesos selectivos de acceso libre e promoción interna polo sistema de concurso-oposición para o ingresos en diferentes escalas e subescalas de persoal de administración e servizos, e asemade tamén, polo sistema selectivo de concurso, para o ingreso en diferentes escalas e subescalas para a estabilización de emprego temporal do persoal de administración e servizos, os cales foron publicados o 16 de decembro de 2022 no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO: As resolucións anteriormente citadas establecen o nomeamento de tribunais cualificadores que deberán avaliar os procesos selectivos.

CUARTO: a solicitante pide un ranking de antigüidade do persoal funcionario interino.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que a competencia é irrenunciábel e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia. As resolucións de 1 de decembro de 2022 delegan a competencia da resolución dos procesos selectivos nos correspondentes tribunais cualificadores.

Por isto, esta Secretaría Xeral **RESOLVE**:

Denegar o acceso á información dun ranking de antigüidade xa que a valoración dos procesos selectivos é competencia exclusiva dos tribunais cualificadores e propoñer como medida alternativa o acceso á lista facilitada por resolución do 25 de maio de 2022 a outra persoa interesada.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante o Valedor do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

O SECRETARIO XERAL

Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :

Código seguro de Verificación  
<https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

[Redacted signature area]

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MIGUEL ANGEL MICHINEL ALVAREZ | FECHA : 24/01/2023 13:35 | NOTAS : F